



Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se publica a actualización da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camariñas

Antecedentes

1. O 03.12.2021 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camariñas.

2. Mediante a Resolución do 09.12.2021 desta xefatura territorial comunicouse o uso da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión e ofertáronse cinco (5) cotas vacantes ás embarcacións integrantes da lista aberta.

Logo de que as persoas armadoras das embarcacións ás que se lle ofertaron as cotas achegaran a documentación correspondente adxudicáronse catro (4) cotas de captura.

3. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021) establecendo un máximo de 20 embarcacións con 44 persoas habilitadas para todo trienio.

Na actualidade o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 20 con 43 persoas habilitadas.

4. O 02.02.2024 a nova persoa armadora da embarcación THIAGO.F.P-CO-4-1247, solicitou a súa inclusión na lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión, logo da transmisión do permiso de explotación da embarcación. A dita embarcación xa figuraba na lista aberta co nome JUANITA-CO-4-1247.

5. O 01.03.2024 publicouse a resolución desta xefatura territorial pola que se admitiu a inscrición da embarcación THIAGO.F.P-CO-4-1247, a súa puntuación provisional e outorgouse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións á puntuación outorgada.





6. O 04.03.2024 a persoa armadora da embarcación THIAGO.F.P-CO-4-1247 presenta un escrito no que alega contra puntuación obtida no apartado C2 – *Experiencia profesional do armador*. Nas súas alegacións o interesado reclama o outorgamento de 3,60 puntos nese apartado logo de contabilizar os enroles acreditados.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camariñas e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico percebe (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas permanecerán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

5. De acordo co artigo 45 da Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poderán actualizar os méritos, o que levará á correspondente modificación da puntuación, de ser o caso.

As solicitudes de actualización polas persoas armadoras das embarcacións realizaranse no mes de xaneiro segundo o modelo que figura como anexo VI da Orde do 30 de decembro de 2015, achegando a esta a documentación que acredite os méritos establecidos no baremo que desexen actualizar.

A actualización dos méritos será efectuada anualmente pola xefatura territorial no primeiro cuadrimestre de cada ano.

6. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.





7. Non se estiman as alegacións presentadas pola persoa armadora da embarcación THIAGO.F.P-CO-4-1247.

A Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, establece no número 2 do apartado C (*Baremo para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos*) do seu Anexo I que *terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) ou mergulladora en embarcacións que contan coa modalidade do recurso específico de que se trate nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo.*

Revisada a documentación achegada polo interesado comprobouse que presentou períodos de enrole nos que aínda non tiña a condición de armador da embarcación THIAGO.F.P-CO-4-1247, polo que non poden ser aceptados. Os períodos contabilizados corresponden ao tempo transcorrido dende que é armador da embarcación THIAGO.F.P-CO-4-1247, polos que se lle asignan un total de 2,40 puntos. Polo tanto, compre manter a puntuación provisional outorgada na Resolución desta xefatura territorial publicada o 01.03.2024.

8. Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Facer pública a actualización da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camariñas (anexo I) coas puntuacións obtidas por cada unha das embarcacións incluídas.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefaturas territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial da Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Camariñas.

Esta resolución notifícaselle a confraría de pescadores de Camariñas como entidade titular do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero





ANEXO I

CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMARIÑAS. LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE (ordenadas por orde de puntuación).

Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
CABO VEO	CO-4	3-06	0	4,00	3	7,00
HERMANOS TRILLO	CO-4	4-06	0	4,00	3	7,00
THIAGO.F.P.	CO-4	1247	0	2,40	3	5,40
BELEN M	CO-4	7-04	0	3,20	2	5,20
MARIA DEL PILAR	CO-4	1961	0	3,20	2	5,20
NAUTIL	CO-4	8-04	0	4,00	1	5,00
VERA B	CO-4	610	5	0,00	0	5,00
VILAN UNO	CO-4	1-05	0	4,00	1	5,00
O VULCANO	CO-4	2-12	0	4,00	0	4,00
MAIKEL	CO-4	8-05	0	0,00	3	3,00
O PIRUCO	CO-4	3-13	0	0,00	3	3,00
BARQUIÑA	CO-4	1862	0	1,20	1	2,20
PERCEBEIRA	CO-4	9-04	0	0,20	1	1,20

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

TOTAL: puntos acadados en total.

- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación**

Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.





- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira**

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión

do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos,

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

